



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coaña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

ASUNTO: MEMORIA DE NECESIDADE DO CONTRATO DE SUMINISTRO “AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO”

De conformidade co disposto nos artigos 28 e 99 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014, e en canto non se opoñan á anterior, no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro (en diante RGLCAP), así como na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no relativo ao acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, elabórase a correspondente memoria xustificativa da necesidade do contrato da prestación na anualidade de 2019 mediante procedemento aberto simplificado do contrato de suministro de aforro e eficiencia enerxética no alumeado público nas parroquias de mesos, abellá, frades e vitre, de conformidade coas resolucións de 27/12/18 polas que se estima favorablemente as solicitudes de axuda ao Concello de Frades formuladas no contexto do RD 616/2017 de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a una economía Baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de cercemento sostible 2014-2020.

1.- Necesidade de execución da obra e competencia:

O Concello de Frades, coa presente contratación pretende, por un lado, obter un aforro enerxético que conleve, a súa vez, a redución da factura de suministro de enerxía eléctrica, así como disminuir a contaminación lumínica e as emisión de CO2.

As determinación técnicas contense no proxectos denominados “AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS PARROQUIAS DE MESOS, ABELLÁ, FRADES E VITRE” e “AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS PARROQUIAS DE PAPUCÍN, MOAR E GAFOI” elaborados polo enxeñeiro Técnico Industrial Pablo Rojo Losada colexiado nº 2525, de maio de 2019.

Polo RD 1890/2008 de 14 de novembro, aprobouse o Regulamento de Eficiencia Enerxética en Instalacións de Alumeado Exterior (REEIAE) tendente a abordar o problema da eficiencia enerxética nas instalacións de alumeado mediante a regulación dos niveis máximos de iluminación dos espazos en función da actividade que se realiza en eles, da incidencia da iluminación hacia outros espazos e da esixencia dun nivel mínimo de eficiencia enerxética para os puntos de luz.

As consecuencias enerxéticas, lumínicas e económicas que as aplicacións de este Regulamento poderán representar sobre o actual sistema de alumeado exterior do municipio, invitan a este Concello a considerar necesario abordar un programa para adecuación do alumeado do municipio a este novo Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumeado exterior.

O obxecto deste contrato e competencia municipal obrigatoria ao amparo do disposto no artigo 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

O contrato ten a calificación e contrato administrativo mixto de suministro e obras e tal e como establecen os artigos 12, 13, 14, 16 e 18 da LCSP, rexirase polas disposicións aplicables ao contrato de suministro ao ser este a prestación que constitúe o seu obxecto principal e máis importante dende o punto de vista económico.

2.- Contido - Obxecto do contrato:

Aos efectos de concreción e determinación do obxecto do contrato faise constar que o obxecto do contrato está constituído pola execución das actuacións de aforro enerxético en alumeados públicos de conformidade cos proxectos denominados "AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS PARROQUIAS DE MESOS, ABELLÁ, FRADES E VITRE" e "AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS PARROQUIAS DE PAPUCÍN, MOAR E GAFOI" elaborados polo enxeñeiro Técnico Industrial Pablo Rojo Losada colexiado nº 2525, de maio de 2019.

3.- Duración:

O prazo de execución establécese en 6 meses, de conformidade co previsto en cada un dos proxectos.

4.- Xustificación do procedemento empregado:

A tramitación do contrato denominado "AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO" verificarase de conformidade co artigo 156 e seguintes da LCSP, mediante procedemento aberto.

5.- Valor estimado, orzamento de licitación e aplicacións orzamentarias:

O orzamento base de licitación (gasto máximo autorizado) para este contrato determinado de conformidade co previsto no artigo 100 da LCSP queda fixado na cantidade de 212.762,98 € - I.V.E. e demais tributos incluídos determinado de conformidade cos prezos de mercado resultantes do custo de execución do contrato en exercicios anteriores, e cos custos salariais estimados a partir do convenio laboral aplicable. O importe da adxudicación abonarase con cargo a partida presupostaria 165.62700, proxecto: 2018.2.IDAE.13.PROXECTOSIDAE, importe: 2.000€, según consta na contabilidade do Concello.

O valor estimado do contrato resulta: 175.837,17 euros.

6.- Lugar de prestación:

Concello de Frades.

7.- División en lotes:

Procede a división en lotes deste contrato, concretamente en dosu, un por cada un dos proxectos existentes, de conformidade co artigo 99 da LCSP. Según informe 6/16, de 27 de abril de 2017, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, prevese que o obxecto de un contrato se fraccione e se se dividan en lotes as diferentes partes en que consiste a prestación sempre que sean susceptibles de utilización ou aproveitamento por separado e constitúan por sí solas unha unidade funcional.

No presente caso atopámonos ante una única unidade funcional que é o AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO, dividido en dous proxectos, o que motiva a creación de dous lotes.

8.- Responsable do Contrato:

Don Oscar Botana Rúa, Concelleiro de Xuventude, Voluntariado, Iluminación Pública e Aforro

Enerxético.

9.- Órgano de contratación:

O órgano de contratación competente é Pleno da Corporación, ao superar o importe o 10% dos recursos ordinarios do Concello.

10.- Solvencia e criterios de adxudicación:

Enténdese que a solvencia esixible considerarase acreditada por algún dos medios previstos na LCSP, concretamente esixirase en relación coa solvencia económica un volumen mínimo de negocio igual ou superior ao valor dos lotes aos que se licite (IVE incluído) ou a existencia dun seguro de responsabilidade civil por importe do valor dos lotes aos que se licite (Ive incluído). Respecto a solvencia técnica esixirase unha relación dos principais traballos realizados análogos aos que se licitan ou unha relación de medios integrados na empresa suficientes para levar a cabo os proxectos.

En canto aos criterios de adxudicación terase en conta criterios subxectivos tendentes a valorar o programa de traballo, a fin de valorar a calidade dos servizos. Asimesmo, terase en conta criterios automáticos tales como o prezo, o aumento do prazo de garantía, a estabilidade no emprego, a rapidez de resposta ante as necesidades que xurdan con motivo da relación contractual, e a redución de prazos.